

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DE AULA

MATERIA: **Fundamentos de administración e xestión, 2º Bac - Curso 20/21**

PROFESORA: Patricia Lama Bravo

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN TEMPORAL

	Unidades didácticas
1ª avaliación	U.D. 1 – A idea, o emprendedor e o plan de negocio.
	U.D. 2 – A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos.
	U.D. 3 – Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa.
2ª avaliación	U.D. 4 – O plan de aprovisionamento.
	U.D. 5 – Xestión comercial e de marketing na empresa.
	U.D. 6 – Xestión dos recursos humanos.
3ª avaliación	U.D. 7 – Xestión da contabilidade na empresa.
	U.D. 8 – Xestión das necesidades de inversión e financiación. Viabilidade da empresa.
	U.D. 9 – Exposición pública do desenvolvemento da idea de negocio.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

- Un **60%** da cualificación total será o resultado da valoración de: Probas escritas e/ou tipo test, pequenos traballos de investigación, resúmenes, comentarios, casos prácticos (exercicios e problemas), lecturas obrigatorias que se propoñan ao longo do curso en relación cos temas desenvolvidos.
- O desenvolvemento dun proxecto empresarial suporá un **30%** da cualificación final. Este apartado inclúe a valoración de todas as tarefas conducentes á realización do

proxecto.

- O restante **10%** da cualificación será a participación en clase, actitudes e traballo na clase, asistencia, puntualidade...

	Ponderación
Media aritmética das probas escritas, tipo test, casos prácticos, traballos, lecturas obrigatorias...	60%
Proxecto empresarial	30%
Participación, actitude, traballo na clase, asistencia, puntualidade...	10%

Entenderase **aprobada** a **avaliación** se sumadas as puntuacións alcanzadas en todos os apartados o alumno obtén un **cinco ou máis**.

O alumnado que suspenda a avaliación, deberá corrixir os traballos, probas, exercicios que non acaden a nota mínima, para poder recuperar a avaliación. A profesora, poderá facer unha proba escrita para recuperar as partes suspensas.

Avaliación final ordinaria. A **nota final do curso**, será o resultado de calcular a media aritmética das notas das tres avaliacións. Contando as recuperacións como un 5.

Aqueles alumnos/as que o final de curso non superasen a materia por avaliacións ou que perderan o dereito a avaliación continua farán un exame final escrito (dunha avaliación suspensa ou de toda a materia cando se suspende máis de dúas avaliacións).

Aqueles alumnos/as que durante o curso non entregaran os traballos e tarefas mínimas exixibles, deberán entregalos para poder facer a exame final escrita.

Avaliación extraordinaria. Farase unha única proba de toda a materia en xuño para aqueles alumnos que teñan a materia suspensa.

Aqueles alumnos/as que durante o curso non entregaran os traballos e tarefas mínimas exixibles, deberán entregalos para poder facer a exame final extraordinaria escrita.

O Carballiño, a 21 de setembro de 2020